



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 6 DE AGOSTO DO 2020.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D^a. María José Sampedro Fernández (Alcaldesa en funcións)</p> <p>Membros que asisten: D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor acctal.: D. Jorge González Mariño</p> <p>Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as nove horas e trinta minutos do día seis de agosto do dous mil vinte, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **Ramona Carnés García**, de data 31/07/2020 (Rexistro de entrada nº 9.265), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Voluntariado, nº 25, Corrubedo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 04/08/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Ramona Carnés García autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,50 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Voluntariado, nº 25 (Corrubedo), con reforzo de pintado de liña amarela (4 m.) según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*





2.- Visto o escrito presentado por **José María Santos Pérez**, de data 04/08/2020 (Rexistro de entrada nº 9.411), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado na Rúa Río Azor, nº 22, Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 04/08/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **José María Santos Pérez** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (2,50 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmoible situado en Rúa Río Azor, nº 22, Palmeira, con reforzo de pintado de liña amarela (3 m.) según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

3.- Visto o escrito presentado por Jesús Ángel Pisos Arnosó en representación de **Finsa del Noroeste, S.A.**, de data 05/08/2020 (Rexistro de entrada nº 9.514), no que solicita dúas pracas de vao permanente para instalar nas entradas á parcela situada no Polígono Industrial de Xarás (Parcela nº 44), Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 05/08/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Finsa del Noroeste, S.A.** autorización para a instalación de dous sinais de vao permanente (6,00 m. + 6,00 m.), con pracas e inscricións de nº de licenzas, nas entradas á parcela situada na Avda Ramiro Carregal Rey do Polígono Industrial de Xarás (Parcela nº 44), Ribeira, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

4.- Visto o escrito presentado por Jesús Ángel Pisos Arnosó en representación de **Finsa del Noroeste, S.A.**, de data 04/08/2020, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada á parcela situada no Polígono Industrial de Xarás (Parcela nº 35 A e B), Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 05/08/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





Conceder a Frinsa del Noroeste, S.A. autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (37,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada á parcela situada na Avda Ramiro Carregal Rey do Polígono Industrial de Xarás (Parcela nº 35 A e B), Ribeira, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

5.- Visto o escrito presentado por Jesús Ángel Pisos Arnoso en representación de **Frinsa del Noroeste, S.A.**, de data 04/08/2020 (Rexistro de entrada nº 9.476), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada á parcela situada no Polígono Industrial de Xarás (Parcela nº 43), Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 05/08/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Frinsa del Noroeste, S.A. autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (22,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada á parcela situada na Avda Ramiro Carregal Rey do Polígono Industrial de Xarás (Parcela nº 43), Ribeira, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

VACACIÓNS DO PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO "O POTE"

Visto o escrito presentado por **Almudena Basoco Mariño**, en calidade de Directora do Obradoiro de Emprego, relativo ás vacacións do Obradoiro de Emprego "O Pote", e que a continuación se transcribe:

"D^a. ALMUDENA BASOCO MARIÑO, con D.N.I. xxxxxxxx, en calidade de Directora do Obradoiro de Emprego "O POTE", sito en Campos, 37- Carreira CP. 15967 Ribeira (A Coruña), telf.: 981841826 e-mail: obradoirodeemprego@riveira.com,

EXPÓN

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en data 14 de novembro de 2019, aprobou por unanimidade o calendario oficial do Obradoiro de Emprego O POTE, tras informe -proposta emitido por esta parte, relativo ós días festivos e non laborais por Convenio Colectivo do Concello de Ribeira, así como ós períodos vacacionais acordados polo persoal do obradoiro, que lle correspondían e que, segundo a





duración do contrato –inicialmente dende 30 de outubro de 2019 ata o 29 de xullo de 2020-, eran 17 días, dos cales só se desfrutaron 10, pois os 7 restantes estaban fixados para os meses de abril e maio de 2020, que se viron afectados polo Estado de Alarma decretado para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (RD 463/2020, de 14 de marzo).

SEGUNDO.- Se ben a duración do contrato inicialmente era de 9 meses, a suspensión da actividade do obradoiro pola Xunta de Galicia, -dende o 16 de marzo ata o 30 de xuno de 2020 (ambos incluídos)- por mor do estado de alarma e consecuente evolución do COVID-19, fixo que a relación contractual se prorrogase ata o vindeiro 14 de novembro de 2020, tendo finalmente unha duración de 12 meses e 16 días, o cal podría incidir no calendario oficial aprobado no seu momento, ó xerarse neste período adicional, días de vacacións en proporción ó tempo traballado.

TERCEIRO.- Ó noso entender esta ampliación de contrato derivou dunha situación atípica e excepcional na que o persoal seguiu en activo a efectos legais, pero na que o funcionamento do obradoiro, ó verse afectado pola suspensión, segue sendo de 9 meses, de ahí que ante a dúbida de si debe modificarse ou non o calendario do obradoiro no tocante ás vacacións, unha vez feita consulta sobre esta cuestión plantexada á Sección de Obradoiros de Emprego e tendo en conta a súa resposta, deba ser a entidade promotora a que estude e valore se seguimos mantendo o dereito a desfrutar dos 7 días de vacacións pendentes e non desfrutados polo confinamento, e, no seu caso, se o persoal do obradoiro pode ter algún dereito a que se lle recoñezan días de vacacións a maiores, en proporción ó tempo que dure o contrato, sempre e cando se cumpran as horas mínimas necesarias para obter o certificado de profesionalidade.

Polo tanto, considerando igualmente que a quen lle compete tomar esta decisión é á Xunta de Goberno Local, así o fago constar e comunicar ó concello ós efectos que procedan.

Polo exposto,

SOLICITO:

Que se teña por presentado este escrito, se admita, e se lle dé o trámite correspondente, a fin de que sexa a Xunta de Goberno Local a que na vindeira sesión, estude e valore se procede ou non modificar o calendario laboral do persoal do obradoiro de emprego "O POTE", aprobado en data 14 de novembro do 2019, tendo en conta as particularidades expostas anteriormente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Non modificar o calendario laboral do persoal do obradoiro de emprego "O POTE", aprobado en data 14 de novembro do 2019, debido a que as circunstancias da ampliación do contrato foron excepcionales, e nunha situación de confinamento obrigada.

Polo tanto, mantense o dereito a desfrutar dos 7 días de vacacións pendentes e non desfrutados polo confinamento, entendendo que se corresponden por duración do proxecto formativo, que realmente ven a ter a mesma duración a efectos prácticos, e non por unha ampliación da duración do contrato nunha situación excepcional de confinamento.





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

CONCESIÓN DE ACHEGAS AOS BENEFICIARIOS DOS BONOS CORRESPONDENTES ÁS SOLICITUDES RECIBIDAS NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE RIBEIRA ATA DO 27/07/2020 AO 02/08/2020. Programa de axudas Bono Concilia CampaRibeira Verán 2020.

Conforme Decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2020, polo que se convoca o programa de axudas “Bono Concilia CampaRibeira verán 2020” publicado no Boletín Oficial da Provincia número 94 de 25/6/2020.

Vista a proposta presentada pola Concelleira delegada de cultura, María José Sampedro Fernández, de data 03/08/2020, na que se propón a concesión de bonos correspondentes ás solicitudes que foron recibidas no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira entre os días 27/07/2020 e 02/08/2020.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

CONCESIÓN DE BONOS a os seguintes solicitantes:

IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE	FILLOS/AS Data de nacemento	MESES Duración en horas	EMPRESA MATRICULA	BONO
Verónica Mariño Martínez A	A.C.M.	Agosto 9.00-14.00h	GLOBIOCIO	130,00€ 655,00 €
Carlos Betanzos Piferrer A	L.B.C.	Xullo e agosto 9.00-14.00h	GLOBIOCIO	260,00€ 130,00 €
Ana Belén Mayán Arias A	D.P.M. 17/02/2012	Xullo e agosto 8.00-14.00h	Fit Natural Sport	230,00€ 115,00 €
Ana Belén Mayán Arias A	A.P.M. 04/08/2013	Xullo e agosto 8.00-14.00h	Fit Natural Sport	230,00€ 115,00 €
Juan José Pérez Paz A	E.P.A. 23/09/2015	Xullo e agosto 8.00-14.00h	Fit Natural Sport	300,00€ 150,00 €
María Blanco Parada A	M.F.B. 23/07/2013	Xullo e agosto 8.00-14.00h	Fit Natural Sport	300,00€ 150,00 €
Marcos Federico Agraso A	B.F.T. 04/02/2009	Xullo e agosto 8.00-14.00h	Fit Natural Sport	300,00€ 150,00 €
Jairo Carballa Rosales B	E.C.R. 30/06/2015	Xullo e agosto 8.00-14.00h	Fit Natural Sport	300,00€ 100,00 €
Miguel Ángel Vidal Tomé B	M.V.F. 18/01/2009	Xullo e agosto 9.00-14.00h	OCIOBROS	140,00€ 50,00 €
Miguel Ángel Vidal Tomé B	A.V.F. 14/07/2010	Agosto 9.00-14.00h	OCIOBROS	140,00€ 50,00 €
Yasmina Lago González B	C.S.L. 18/02/2011	Agosto 8.00-14.00h	Fit Natural Sport	125,00€ 50,00 €
Yasmina Lago González B	S.S.L. 18/03/2013	Agosto 8.00-14.00h	Fit Natural Sport	125,00€ 50,00 €
Alberto Álvarez Bendaña A	L.A.V. 11/12/2015	Xullo e agosto 8.00-14.00h	Fit Natural Sport	300,00€ 150,00 €



FIRMANTE - FECHA





Eva Miranda Fontaiña A (Fam. Mon.)	D.M.F. 16/03/2013	Xullo e agosto 8.00-14.00h	Fit Natural Sport	300,00€	150,00 €
Karen Tatiana Salas González B	Y.S.S. 09/07/2020	Agosto 9.00-14.00h	GLOBIOCIO	130,00€	50,00 €
Total resolución a data 02/08/2020					1.525,00 €

Notificar este acordo aos interesados e poñer no seu coñecemento que:

A subvención concedida condiciónase ao cumprimento dos requisitos establecidos na Bases aprobadas por Decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2020, polo que se convoca o programa de axudas “Bono Concilia CampaRibeira verán 2020” publicado no Boletín Oficial da Provincia número 94 de 25/6/2020.

Artigo 16. Pagamento

1. Non se abonará cantidade algunha aos beneficiarios solicitantes, xa que a cantidade concedida será directamente abonada á empresa ou profesional autónomo que organizase o campamento obxecto da solicitude, sendo descontada do prezo da actividade contratada a pagar polo solicitante. O pagamento será realizado polo Concello de Ribeira a través de transferencia bancaria, de xeito mensual, nun único pago total correspondente a todas as axudas desa mensuralidade que figurasen aprobadas polo órgano competente e previa presentación de factura por parte do empresario adherido a este programa de bonos.
2. (...)
3. Nas facturas presentadas polas empresas deberán figurar expresamente identificación (nome e DNI/NIE) da persoa beneficiaria da axuda e do/s neno/s ou nena/s que recibe/n o servizo e os días e horarios nos que se prestou así como os datos fiscais do expedidor, cos importes individuais de cada beneficiario e o importe total a abonar, así como IBAN para a transferencia. Deberá estar dirixida ao Concello de Ribeira e constar que será con cargo ao programa BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2020. **O límite máximo para a presentación das facturas será o 30 de novembro do presente 2020.**

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

A Presidencia levanta a sesión sendo as nove horas e cincuenta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

A Alcaldesa en funcións
María José Sampedro Fernández

Dou fe, o secretario xeral.
Juan Manuel Salguero del Valle

